


CELEBRACIÓN EN OS COTOS (na igrexa)

29-30 de outubro do 2022

XXXI ORDINARIO C



NON MÁIS
VIOLENCIA
DE XÉNERO



OS COTOS COA IGUALDADE VERDADEIRA DAS PERSOAS,
COS POBOS QUE SOFREN INXUSTIZA E ABANDONO,
COS REFUXIADOS E MARXINADOS DA SOCIEDADE,
COA NATUREZA MALTRATADA
E CON RESPONSABILIDADE PERSOAL ANTE A COVID-19



1

1.- ENCONTRO DA COMUNIDADE

(tod@s de pé)

@ monitor/a está na sé

SAÚDO DE BENVIDA

🎵 *nº 7 Andarei na presenza do Señor*

Celebrante:

Benvidos sexamos todos a esta celebración. Reunímonos para compartir en comunidade a nosa fe no nome do Pai, do Fillo e do Espírito Santo.

Zaqueo é o veciño que hoxe se nos dá a coñecer no evanxeo. Un veciño ben rico que quería coñecer a Xesús, de quen tanto ben e bo oíra falar. Pero Zaqueo era baixiño, e coa xente que rodeaba a Xesús non tiña maneira nin de poder velo de lonxe. Por iso adiántase no camiño, e sube a unha figueira para poder velo pasar.

Cando Xesús pasa á súa beira invítase á súa casa para poder falar e tratar con este veciño. Xesús non se fixa no exterior senón que reconece en Zaqueo un corazón bo, alguén que necesita de amor e amizade. Zaqueo acaba recoñecendo os seus erros, pide perdón, muda a súa vida e atopa a misericordia de Deus que o acolle.

Hoxe nós somos os invitados á mesa do Señor que quere compartir connosco o pan da Vida, e espera que tamén recoñezamos os nosos erros e mudemos as nosas actitudes cos irmáns, coma Zaqueo.

2

ACTO PENITENCIAL

Celebrante: *A Zaqueo o seu encontro con Xesús levouno a recoñecer os seus erros, pedir perdón e comprometerse a facer as cousas mellor. Nós tamén, coma Zaqueo, recoñecemos os nosos erros e pedimos perdón porque queremos facer as cousas mellor:*

Monitor/a

- ✓ Pedimos perdón, Señor, polas veces que en vez de acoller, pechamos as portas aos necesitados. Señor, queremos ser acolledores
- ✓ Pedimos perdón, Señor, polas veces que criticamos moito e facemos pouco. Cristo, queremos ser acolledores
- ✓ Pedimos perdón, Señor, polas veces que somos demasiado orgullosos como para recoñecer os nosos fallos. Señor, queremos ser acolledores

Celebrante: *Deus todopoderoso teña piedade de nós, dos que teñen un lugar no noso corazón e na nosa vida, e dos que esperan unha nova oportunidade. A todos nos conceda Deus o perdón dos pecados e por Cristo Resucitado nos leve á vida eterna. Amén.*

ORACIÓN PROPIA DO DÍA

Celebrante: *Rematamos a primeira parte da celebración presentándolle humildemente a Deus o vivido nesta semana e o que levamos no corazón.*

(Silenzo)

Celebrante:

Deus, Noso Pai, Ti fixeches consistir a plenitude da lei no amor a Ti e ao próximo.

Fai que cumpramos os teus mandamentos, que o teu amor tome a iniciativa na nosa vida e nos acompañe sempre, e que sexamos irmáns na práctica do ben coma Xesucristo, que vive e reina por sempre eternamente. Amén

2.- PROCLAMACIÓN DA PALABRA DE DEUS

(sentad@s) a palabra de Deus proclámase dende o ambón

Celebrante: *Na primeira lectura que hoxe imos, Paulo, fálanos nunha das súas cartas, que sempre vale a pena o propósito de facer o ben.*

Cales son hoxe os nosos propósitos de facer ben?

No evanxeo Zaqueo busca o xeito de ver e atoparse con Xesús. Oe que del se fala moito e ben, e quere velo en persoa. E non se queda aí, pois Zaqueo vaise dar conta de que pode facer as cousas moito mellor. Vai mudar o seu xeito de vivir.

Acaso nós non teremos algunha cousiña que poidamos facer mellor?. Escoitamos.

No Leccio I C páx 273 **2 Tes 1, 11 - 2, 2** LECTURA

PROCLAMACIÓN DA PALABRA RECOLLIDA NA SEGUNDA CARTA DE SAN PAULO AOS TESALONICENSES

Irmáns e irmás:

Rogamos decote por vós, para que o noso Deus vos faga dignos da chamada e para que co seu poder faga realidade todo propósito de facer o ben e toda empresa de fe. Dese xeito vós daredes gloria ao noso Señor Xesús Cristo e el a vós, conforme a graza do noso Deus e do Señor Xesús Cristo.

Tocante á Parusía do noso Señor Xesús Cristo e da nosa xuntanza con el, rogámosvos, irmáns, que non abaledes tan axiña nos vosos criterios nin vos desconcertedes por supostas revelacións, ditos ou cartas nosas coma se o Día do Señor estivese a caer.

Palabra do Señor

♪ nº 53 *Onda Ti noso Pai neste día* SALMO



(en pé) *No Lecc IC páx 274* Lc 19, 1-10 *EVANXEO*

PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO LUCAS

Daquela, chegou Xesús a Iericó e pasaba atravesando a cidade. Había alí un home chamado Zaqueo, xefe dos recadadores e moi rico. Intentaba ver quen era Xesús; pero impedíallo a xente, porque el era pequeneiro. Entón botou a correr e subiu a unha figueira para velo, porque ía pasar por alí. Ao pasar Xesús por aquel lugar, levantou a vista e díxolle:

- Zaqueo, baixa de contado, que hoxe teño que parar na túa casa.

El, baixando de contado, acolleuno moi contento. Pero vendo aquilo, a xente empezou a murmurar:

- Entrou a se hospedar na casa dun pecador.

Zaqueo, posto de pé, díxolle ao Señor:

- Señor, darei a metade de todo canto teño aos pobres e, se algo roubei a alguén, devolvereille catro veces máis.

Entón Xesús dixo:

- Hoxe chegou a salvación a esta casa, pois tamén este é fillo de Abraham. Porque o Fillo do Home vén buscar e salvar o que estaba perdido.

Palabra do Señor

(sentad@s) gardamos uns instantes de silencio para acoller a palabra no corazón

*Non te andes polas ramas
vai con Xesús*



Ás veces andamos polas ramas:

* É fácil hoxe mirar e falar dos problemas, e tamén é fácil esperar a que sexan outros os que os resolvable. “Iso non é problema meu” dicimos e vivimos moitas veces.

* É fácil hoxe andar polas ramas e acomodarnos esperando que os mestres eduquen aos fillos, sen darnos conta de que a responsabilidade de educar non está na escola senón que está na casa.

* É fácil deixar un pouco de lado ás persoas maiores, sen darnos conta de que con eles se vai unha cultura, unha historia, un xeito de vivir que non sempre valoramos.

* Xesús non se contenta con que Zaqueo o vexa dende o alto da figueira, Xesús quere facerlle ver que ten que deixar de andar polas ramas e ten que facer as cousas mellor, porque si que pode facelo.

E el vaino facer, e nós?.

PROFESIÓN DA FE

Celebrante *Despois de escoitar a Xesús no Evanxeo, queremos, Señor, dar resposta de fe e comprometernos a vivila como se atreveu Zaqueo. Dicimos:*

♪ *Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

Monitor/a:

Crede en Deus,

o Pai que desexa que todas as persoas fagamos do mundo un fogar acolledor?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

Crede en Xesús Cristo, noso irmán,

que nos propón a humildade e a conversión como camiño de salvación?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

Crede no Espírito Santo,

que nos alenta a recoñecer os erros e que nos alenta a ser acolledores no respecto e nas diferenzas?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

Crede na Igrexa,

comunidade que facemos entre todos, comunidade que se equivoca e que pide perdón, e comunidade na que nos comprometemos a mellorar en moitas cousas?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

ORACIÓN UNIVERSAL

Celebrante: *Fiándonos de Xesús, ergamos a nosa voz ao Pai deixando que o corazón confiado fale dos mellores desexos para nós, para os Cotos e para toda a humanidade. Dicimos:*

Señor, acolle a nosa oración

Monitor/a

✓ Querendo facer mellor as cousas rezamos polas persoas que formamos a Igrexa, para que sexamos comprensivos e respectuosos cos demais. Oremos

✓ Querendo facer mellor as cousas rezamos polas persoas que non teñen un fogar digno no que compartir a vida. Oremos

✓ Querendo facer mellor as cousas rezamos polos pobos ricos para que non fagan das súas riquezas un aproveitarse dos máis miserentos e necesitados. Oremos

✓ Querendo facer mellor as cousas rezamos polas persoas que necesitan paz e agarimo. Oremos

✓ Querendo facer mellor as cousas rezamos polas persoas que participamos na comunidade de Os Cotos, para que sexamos un fogar aberto para todos os que queiran compartir facendo evanxeo. Oremos

Celebrante: *Co agradecemento de sabernos convidados con Xesús á mesa do evanxeo, poñemos nas túas mans estas pregarías, pois Ti, Pai, sempre estás atento a nós. Ti que vives e reinas por sempre eternamente. Amén*

3.- OS SIGNOS DA COMUÑÓN CON DEUS E COA COMUNIDADE

NOSO PAI

Celebrante: *Rezamos agora a oración de Xesús, a oración agradecida e confiada ao Deus Pai que sempre nos escoita, nos agasalla na vida e nos fai sentir irmáns. Dicimos:*

NOSO PAI ...

SIGNO DA PAZ

Celebrante: *A paz que agora imos pedir é a que nos fai irmáns con Cristo. É a paz de respectar a todos, é a paz de pedir perdón e perdoar, é a paz nas palabra e nos feitos. É a paz que sentiu Zaqueo compartindo na casa con Xesús, e é a paz que soñamos para Ucrania. Está nas nosas mans facelo mellor.*

COMUÑÓN

Celebrante: *Esta mesa, este altar é signo do compartir na vida. Participar hoxe é comprometerse para medrar no camiño da fe, porque seguir a Xesús esixe facer na nosa vida o evanxeo.*

É El o que nos convida, e ditosos nós, por poder compartir coma irmáns este pan do Señor.

Señor, eu non son merecente de que entres no meu fogar, mais unha palabra túa abonda para me salvar

🎵 **nº 58 Acharte presente na vida**

4.- AVISOS E DESPEDIDA

ORACIÓN FINAL

Celebrante:

Señor, fai medrar en nós
os froitos do teu amor.

Este Pan de Vida co que nos alimentas
nos prepare a recibir os bens
dos que Cristo é anuncio e promesa.

Pedímoscho a Ti que vives e reinas por sempre
eternamente. Amén


*Xesús invítase na casa de Zaqueo porque sabe que este
veciño merece unha nova oportunidade na súa vida.*

*A nosa celebración de hoxe ten que axudarnos a ter
actitudes de tolerancia e respecto con quen pensa, vive
ou cree diferente que nós.*

*Non deamos as costas ás persoas e aos pobos que se
senten sen oportunidades no seu vivir e aprendamos a
ser acolledores, como o foi Xesús con Zaqueo.*

Avísase das misas (ver folla do mes)

*Que teñamos un bo día, unha boa semana,
e o Señor nos bendiga, † nos garde de todo mal
e nos leve ao seu fogar de vida eterna. Amén*



“Zaqueo baixou de contado
e acolleu moi contento a Xesús na súa casa”

Palabras do evanxeo de hoxe

**FAGÁMOLO BEN
E SEXAMOS AGRADECIDOS
CON TODAS AS PERSOAS
QUE NOS ACOLLEN NAS SÚAS VIDA**